

## BLOQUE 2 – Latinoamérica

### É posible parapetarse dos conflitos armados tras a ventá dun “remís”?

2.1 *Días de Santiago*. O Perú (2004). Adaptación á sociedade.

2.2 *Taxi para 3*. Chile (2001). Comprender a pobreza estratificada.

2.3 *Magallanes*. O Perú (2016). Protexer de agresións ás mulleres nos conflitos armados.



#### 2.1 *Días de Santiago*. O Perú (2004). Adaptación á sociedade

**Santiago Román**, exsoldado de 23 anos, intenta volver á vida civil non sen dificultades: cun pensamento ríxido e nunha sociedade moi diferente do seu **exército**. Sofre estrés postraumático polos conflitos sucesivos nos que participou: contra o narcotráfico, contra O Ecuador e contra o terrorismo desestabilizador. Reencóntrase cun lugar moi afastado do seus códigos persoais: **desconfía de case todo, ás veces con agresividade**. Tamén é vítima dunha sociedade que desertou del. Xeracionalmente **está perdido**, percíbeno anticuado, pois o lecer dominante non combina coa súa idea de diversión. No profesional procura orientación nuns **servizos inoperantes**. Na súa **familia** advirte **incoherencias que rexeita**. Eventualmente comeza a traballar de taxista...

#### FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Josué Méndez

Fotografía: Juan Durán

Música: Manuel Larroche, Mogambo


Producción: Chullachaki Producciones

Xénero: drama, drama social, familia

Duración: 78'

Elenco: Pietro Sibille, Milagros Vidal, Marisela Puicón, Alheli Castillo.

Premios: 49.ª Semana Internacional de Cine de Valladolid. Seminci 2004: nominada á Espiga de Ouro. Festival da Habana: Mención Especial Mellor Ópera Prima



#### 2.2 “TAXI PARA 3”. CHILE. (2001). *Comprende-la pobreza estratificada*

**“VOLANTE OU MALETA?”** é o xeito de dirixirse á vítima dun atraco; isto é: ou convérteste en cómplice ou en friame! E neste marxinal **Santiago** dos calexóns, asaltos e almozos suburbanos, todos/as queren ser menos pobres, ter unha vida mellor, ou simplemente saborear unha atolada liberdade fóra do cárcere. Daquela, o noso taxista, baixo presión, e de moral difusa no financeiro e noutros eidos da vida, colaborará con dous delinquentes comúns. Esta é tamén unha historia sobre as diferenzas dentro da pobreza, tantas veces veciña da delincuencia estratificada en distintos niveis e subclases sociais: do humilde ao sórdido, do ambiguo ao abertamente canalla, da común intimidación etílico-narcótica á violencia das institucións públicas (corrupción nos corpos policiais) e privadas (un sistema de empréstanos financeiros con xuros abafantes...) Escenas roubadas á realidade: *vidas sobre rodas?*

#### FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Orlando Lübbert

Fotografía: Patricio Riquelme

Música: Eduardo Zvetelman

Producción: Orlando Lübbert Producciones Audiovisuales

Xénero: Drama. Comedia. Roubos & atracos

Duración: 90´

Reperto: Alejandro Trejo, Elsa Poblete, Daniel Muñoz, Fernando Gómez-Rovira

Premios: 49º Festival de San Sebastián: “Cuncha de Ouro” ao mellor filme



### 2.3 *Magallanes. O Perú* (2016). Protexer as mulleres nos conflitos armados

Magallanes ten un **pasado militar** no exército peruano contra o movemento Sendero Luminoso. Na actualidade **existe nun taxi**, noutra vida civil, **após 25 anos de escuridade**. Cada xornada: previsible, tranquila, **certa forma de hibernación...** Ata a inesperada reaparición de Celina. E **estala o seu taxímetro moral**, pois seguir as ordes de superiores non lava a conciencia de alguén que contribuíu á **ignominia dunha muller**. Unha labazada de realidade desconxela os seus **códigos éticos** nun **querer redimirse** polos **danos inflixidos** a Celina. Talvez convencido de que **o destino non pode ser a parada de antonte**.

#### FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Salvador del Solar

Fotografía: Diego Jiménez

Música: Federico Jusid

Producción: Coprodución O Perú-A Arxentina-Colombia

Xénero: drama/thriller

Duración: 104´

Elenco: Damián Alcázar, Magaly Solier, Federico Luppi

Premios. 2014: Festival de San Sebastián: nominada ao Premio Cinema en Construción.

Festival 2015 da Habana: Premio Coral Especial del Xurado (Ópera Prima). 5.º Premios

Macondo 2016 - Academia Colombiana: Mellor Actor (Damián Alcázar).